



BASES DO CONCURSO PARA ELIXIR O DESEÑO DO LOGOTIPO E O LEMA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MONTE CARRASCO

1. Obxecto do concurso

Deseñar un logotipo e un lema destinados a ser a imaxe institucional do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Monte Carrasco, en toda a difusión de información sobre este e as súas actividades a través da páxina web do centro, das RRSS, e doutros documentos e materiais, tanto dixitais como impresos.

2. Participantes

O concurso está dirixido a todo o alumnado, profesorado, persoal non docente e familias do IES Monte Carrasco. A participación poderá ser individual ou en grupo. Cada participante, individual ou grupal, poderá presentar todas as propostas que desexe.

3. Propostas

- a) Os deseños serán orixinais e inéditos e non poderán ter sido presentados a ningunha outra convocatoria. Deberán ser froito da creatividade e do traballo persoal de cada participante e non infrinxir os dereitos de autoría doutras persoas. As persoas participantes serán totalmente responsables de que así sexa.
- b) A técnica será libre. Aconséllase empregar cores que se poidan trasladar facilmente a unha escala de grises, para facilitar a súa reprodución posterior tanto en cor como en branco e negro. Tamén se deber ter en conta que pode ser necesario reducir o logo a un tamaño mínimo de 2 cm, polo que a proposta deberá ser facilmente lexible nesas dimensións.
- c) As propostas presentaranse en papel, tamaño A4, ou en soporte dixital. Neste último caso, o deseño deberá ter una resolución mínima de 300 x 300 píxeles, aínda que se recomenda a maior resolución posible.
- d) De ser o caso, incluírase a descrición técnica da tipografía empregada: fonte, tamaño e cor.
- e) Ademais, cada concursante achegará un arquivo de texto (en galego) cunha breve descrición do traballo.

4. Presentación.

Os deseños en formato dixital enviaranse por correo electrónico a biblioteca.montecarrasco@gmail.com, indicando no asunto "Concurso logotipo." Os orixinais en soporte papel entregaranse na Secretaría do centro acompañados dun sobre pechado cos datos da persoa participante e o título da obra. A data límite de recepción de propostas será o 28 de outubro de 2022.

A mensaxe deberá incluír os datos persoais da persoa autora do deseño ou de todas as persoas integrantes do grupo e un teléfono de contacto.

5. Xurado.

O xurado encargado de valorar as propostas estará formado por 5 integrantes da comunidade educativa do IES Monte Carrasco. Os membros do xurado non poderán participar no concurso.

6. Acordo do xurado

O xurado elixirá por unanimidade a proposta gañadora do premio de entre todas as presentadas. A persoa gañadora será notificada por correo electrónico e a decisión publicárase na páxina web do IES Monte Carrasco e nos taboleiros de anuncios do centro antes do 11 de novembro de 2022. O fallo do xurado será inapelable.

O xurado reserva o dereito de declarar o premio deserto e/ou convocar un novo concurso se o considera necesario.

7. Dotación do premio

Establécese un único premio dun vale de 50 € para empregar nos establecementos da Asoc. "Cangas Vella".

8. Propiedade intelectual

O logotipo premiado quedará en propiedade exclusiva e permanente do IES Monte Carrasco, que terá completa liberdade para utilizalo, total ou parcialmente, ou para modificalo no momento e na forma en que considere necesario.

A persoa ou persoas gañadoras serán totalmente responsables fronte a calquera reclamación que poida xurdir con respecto á orixinalidade, similitude ou copia parcial do traballo presentado.

9. Aceptación das bases.

A participación nesta convocatoria supón o coñecemento e total aceptación das presentes bases por parte das persoas participantes. Todo caso non previsto nas presentes bases será resolto polo xurado.